

O personaxe

Fernández Paz, o home da bidueira

A Asociación de Escritores en Lingua Galega entregoulle onte na súa terra natal, Vilalba, a 'Letra E' que reconece o traballo dun dos mellores narradores galegos de sempre

Textos:
LecerFoto:
Julían
Martín/Efe


A bidueira, esa árbore propia de zonas húmidas, de cortiza branca e fina, pólas delgadas e caídas, representa, segundo a sabedoría celta, a renovación. A súa cortiza mesmo se empregou noutros tempos para escribir. Quizais por iso a escolleu o autor vilalbés Agustín Fernández Paz para plantala no barrio das Fontiñas, un acto simbólico celebrado onte na homenaxe da 'Letra E' da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Nado en 1947, Fernández Paz é un dos mellores narradores galegos de todos os tempos, ademais de ensaísta, pedagogo, sociolingüista, ou especialista en animación á lectura e literatura infantil e xuvenil.

Entre 1988 e 1990 foi membro do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, formando parte do equipo de Lingua que preparou os Deseños Curriculares para as etapas de Primaria e Secundaria. De 1990 a 1995, traballou como coordinador docente de

galego. É membro da Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega e asesor do Programa SOL, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Foi membro fundador dos colectivos Avantar e Nova Escola Galega.

Autor de medio centenar de ficcións narrativas da máis variada fasquía, en moitas delas evócanse as paisaxes da memoria da súa infancia chairega. Dende as súas novelas primeiras, *As flores radiactivas* (1990), *Cartas de inverno* (1995) e *O centro do labirinto* (1997), aos seus libros de relatos como *Contos de palabras* (1991) ou *Cos pés no aire* (1999), revelou-se como un dos narradores que deixou máis fortes pegadas en milleiros de lectores e lectoras de varias xeracións.

Xa na súa madurez humana e literaria, ofreceu algunhas das novelas máis valoradas do noso tempo como *Aire negro* (2000), *Noite de voraces sombras* (2002) ou *Corredores de sombra* (2006). Recibiu galardóns como o Merlín, o Lazarillo, o Edebé Juvenil, o Rañolas, o Raíña Lupa, o Protagonista Jove... Coa obra *O único que queda é o amor*, obtivo en 2008 o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil que concede o Ministerio de Cultura.



AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ LEVA PUBLICADOS MÁIS DE CORENTA TÍTULOS

AUTOR DE MEDIO
CENTO DE FICCIÓNS
NARRATIVAS, EN
MOITAS EVOKA
AS PAISAXES DA
SÚA INFANCIA
CHAIREGA

DESTACA COMO
PEDAGOGO,
SOCIOLINGÜISTA,
E ESPECIALISTA
EN ANIMACIÓN Á
LECTURA INFANTIL
E XUVENIL

RECIBIU O PREMIO
NACIONAL DE
LITERATURA
INFANTIL E
XUVENIL CON 'O
ÚNICO QUE QUEDA É
O AMOR'

contemos e protexamos o noso medio ambiente

o noso

Medio Ambiente

é o noso mellor patrimonio.

Un legado que debemos transmitir
íntegro os nosos fillos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE